

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

AS/cb

O Deputado delegado na área de Cultura e Lingua, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Vista a solicitude da REAL ACADEMIA GALEGA, con domicilio social en Rúa Tabernas, núm. 11, do Concello da Coruña (15001) e CIF: Q-1568003-F, na que interesa axuda económica para os gastos de **"PUBLICACIÓN DA TOPONIMIA DE AGOLADA, SIMPOSIO SOBRE ONOMÁSTICA E PUBLICACIÓN DUNHA ANTOLOXÍA DAS IRMANDADES DA FALA"** e o informe favorable de Intervención sobre existencia de consignación suficiente, **RESOLVÍN** aprobar o gasto de **QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €)** para o obxecto citado, con cargo á aplicación orzamentaria 16/330.3340.489.05 – R.C. núm. 201600125407 que se achegarán á **REAL ACADEMIA GALEGA**, unha vez que se xustifique o importe da subvención concedida con facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, orixinais ou fotocopias cotexadas, que reúnan os requisitos legais esixidos por R.d. 1496/03, de 28 de novembro, sobre confección de facturas, xunto coa conta xustificativa que relacione os gastos establecidos no orzamento presentado por importe de 15.000,00 € e realizados no desenvolvemento da actividade, tal como establece o art. 30 da Lei 38/03, xeral de subvencións. Xunto coa xustificación deberán achegar unha memoria da actividade que se realizou e acreditar a difusión do seu financiamento pola Deputación.-----

A subvención concedida deberá xustificarse no prazo de tres meses e, en todo caso, antes do 31/03/2017.-----

Así mesmo deberá remitir unha fotocopia desta resolución e o impreso que se achega debidamente cuberto.-----

O que lle traslado para o seu coñecemento, cumprimento e demais efectos.-----

Pontevedra, 13 de setembro de 2016

O SECRETARIOPor delegación o Xefe do Servizo de Cultura e Lingua
segundo R.P. núm. 2016001033, de 25 de xaneiro de 2016